

MATERIA

Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Primario e Secundario

TITULACIÓN

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

unidade
didáctica
4

Metodoloxía e recursos didácticos específicos na Formación Profesional

Eva María Barreira Cerqueiras

Área de Didáctica e Organización Escolar
Departamento de Pedagogía e Didáctica
Facultade de Formación do Profesorado

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-51-7

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595517>

MATERIA: Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Primario e Secundario

TITULACIÓN: Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Unidade I. A FORMACIÓN PROFESIONAL NO SISTEMA EDUCATIVO: OS CICLOS FORMATIVOS

Tema 1. As ensinanzas de Formación Profesional: dos Ciclos de FP Básica aos Ciclos de Grao Superior

Tema 2. Organización e estrutura actual dos Ciclos Formativos de FP

Tema 3. Ciclos LOXSE e LOE

Unidade II. DESEÑO CURRICULAR DA FORMACIÓN PROFESIONAL: O CURRÍCULO DOS MÓDULOS DE FP

Tema 1. Os niveis de concreción curricular na FP

Tema 2. Deseño curricular dun Módulo de FP

Tema 3. Elementos do currículo dun Módulo e as súas relacións

Unidade III. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR NA FORMACIÓN PROFESIONAL: A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (PD)

Tema 1. A Programación Didáctica (PD) en Formación Profesional: deseño e elementos conformadores

Tema 2. O axuste dos elementos curriculares aos elementos didácticos conformadores dunha PD

Tema 3. Concreción dos elementos didácticos da PD

Tema 4. A aplicación informática institucional para a elaboración de programacións didácticas

Unidade IV. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS ESPECÍFICOS NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Tema 1. A metodoloxía didáctica na FP: características xerais

Tema 2. Do modelo á estratexia didáctica nas ensinanzas de FP

Tema 3. Os elementos metodolóxicos: principios, actividades, tempos, espazos, materiais, recursos...

Unidade V. O PROCESO DE AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Tema 1. A avaliación na Formación Profesional: ¿que di a normativa?

Tema 2. O proceso de avaliación na FP: a avaliación da ensinanza (práctica docente) e da aprendizaxe (competencias)

Tema 3. A práctica da avaliación: obxecto, criterio, métodos e instrumentos

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

CONTIDOS

1. Introducción
2. A metodoloxía didáctica na FP: características xerais (Tema 1)
 - 2.1. A metodoloxía docente tradicional na Formación Profesional
 - 2.2. A metodoloxía didáctica na actualidade da Formación Profesional
3. Do modelo á estratexia didáctica nas ensinanzas de FP (Tema 2)
 - 3.1. O modelo didáctico: concepto de partida
 - 3.2. O método, a metodoloxía didáctica e as estratexias didácticas: conceptos vinculados e vinculantes
4. Os elementos metodolóxicos: principios, actividades, tempos, espazos, materiais, recursos... (Tema 3)
 - 4.1. Os principios e orientacións metodolóxicas
 - 4.2. O tipo de actividades e tarefas a propoñer
 - 4.3. A organización de tempos (temporalización) e espazos
 - 4.4. Os recursos e materiais didácticos

METODOLOXÍA

Recursos Materiais

Recursos Espaciais

Recursos Dixitais

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PARA SABER MÁIS...

WEBGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A seguinte Unidade Didáctica (UD) enmárcase na materia **Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Primario e Secundario** dentro do Módulo da especialidade de Formación Profesional (FP) do **Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas**.

Esta materia pretende contribuír á formación de docentes capaces e comprometidos coa asunción e posta en práctica de proxectos compartidos a nivel de centro, acompañados inescusablemente dunha responsabilidade individual para levalos a cabo. Deste xeito, a figura do docente considérase como un axente dinamizador do necesario reaxuste de toda a maquinaria organizativa, das rutinas, dos procesos de actuación..., para resituarse a institución educativa como elemento socializador das novas xeracións.

Coa Unidade Didáctica que presentamos, a cuarta desta materia, trátase de abordar como se pode desenvolver a metodoloxía didáctica a través de distintas estratexias métodos e recursos que favorezan a aprendizaxe do alumnado que estea a realizar un módulo profesional de FP.

Non podemos esquecernos de mencionar as **competencias** que debe adquirir o alumnado (sinaladas na *Memoria da Titulación*), ás cales contribúe cada materia do Plan de Estudos. Deste xeito, cómpre especificar aínda máis se cabe, aquelas **implicadas nesta UD** que presentamos. Así, podemos establecer primeiramente as *competencias xerais*:

- X3. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinamentos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á súa orientación, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
- X4. Buscar, obter, procesar e comunicar información “oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia”, transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursadas.
- X6. Diseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
- X7. Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sostible.
- X10. Diseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.

Respecto das *competencias específicas*, debemos sinalar as seguintes:

- E5. Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
- E6. Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
- E7. Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
- E8. Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
- E9. Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino - aprendizaxe.


Finalmente, respecto das *competencias asociadas ao Practicum* establécense as seguintes:

- P1.- Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
- P5.- Para a formación profesional, coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas.

OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

Dende a *Memoria do Título* propónse unha serie de obxectivos xerais a partir dos cales se derivarán os obxectivos específicos das propostas que realice o profesorado para o desenvolvemento das materias no ámbito universitario. Neste senso, na seguinte figura ofrecemos unha visión esquemática dos **obxectivos xerais da materia asociado a esta Unidade Didáctica** que presentamos, de tal xeito que se clarifique as metas que se deben acadar co seu desenvolvemento.

Figura 1. Relación entre os obxectivos xerais da materia e os obxectivos específicos da Unidade Didáctica



Fonte: elaboración propia

Por conseguinte, trataremos de chegar ao noso alumnado de Máster ás estratexias métodos, recursos e actividades empregadas á hora de implementar unha Programación Didáctica dun Módulo Profesional de FP.

CONTIDOS

Nesta Unidade Didáctica abordaranse contidos relativos á metodoloxía didáctica que o docente debe poñer en marcha nas aulas para favorecer a aprendizaxe do seu alumnado e, máis concretamente, na aula de FP. Estes contidos serían o seguintes:

- Metodoloxía didáctica: concepto e características básicas na etapa de Formación Profesional
- Termos e clasificacións máis relevantes na metodoloxía didáctica.
- Elementos metodolóxicos no proceso de ensino – aprendizaxe: estratexias metodolóxicas, inclusión das TIC e diferentes recursos didácticos.

Estes contidos estarán agrupados baixo distintos temas que compoñen o **temario** desta UD, dos cales realizamos unha breve aproximación.

1. Introducción

A Formación Profesional está a cobrar unha grande importancia na actualidade, non só pola súa vinculación directa co sistema de emprego e con outros niveis educativos e formativos (ESO, Bacharelato, formación para o traballo, Universidade...) senón tamén co tipo de alumnado que cada vez máis se decide por cursar este tipo de ensinanzas, xa sexa para abordar unha profesión vocacional e continuar así os estudos obrigatorios, xa sexa para reciclar os coñecementos despois dunha traxectoria profesional consolidada ou co obxectivo de renovar o campo profesional inicial.

Neste sentido, a metodoloxía de ensino – aprendizaxe a desenvolver nos Ciclos de Formación Profesional deberá ter en conta todas estas variables, pois o alumnado será moi diverso en ocasións (con intereses e coñecementos moi variados) e os contidos terán un carácter eminentemente práctico, baseados fundamentalmente no traballo en taller.

Así mesmo, será preciso ter en conta determinados contidos e competencias de carácter transversal na formulación metodolóxica que se estableza. Así, por exemplo, como docentes de FP é preciso atender ás evolucións no campo profesional determinado, á igualdade de oportunidades, á coeducación, ás TIC na aula e na propia profesión, ás necesidades educativas especiais, ao vocabulario técnico noutras linguas, etc.

A continuación, faremos fincapé nos distintos elementos arredor dos cales establecer as características concretas da metodoloxía docente nas ensinanzas de Formación Profesional e dotar aos futuros docentes de FP duns coñecementos básicos vinculados coas metodoloxías que poden desenvolver na aula/taller.

2. A metodoloxía didáctica na FP: características xerais (Tema 1)

Antes de falar das particularidades da metodoloxía didáctica na etapa da Formación Profesional, convén ter en conta os aspectos establecidos na lexislación educativa vixente. Nela recóllese que “a metodoloxía didáctica das ensinanzas de formación profesional integrará os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos que en

cada caso correspondan, co fin de que o alumnado adquiera unha visión global dos procesos produtivos propios da actividade profesional correspondente” (art. 8.6, RD 1147/2011).

2.1. A metodoloxía docente tradicional na Formación Profesional

A metodoloxía didáctica na Formación Profesional baséase no tradicional binomio teoría–práctica no cal a explicación maxistral e a exemplificación marcaba a pauta docente.

A teoría abórdase partindo dos coñecementos básicos sobre a profesión e os contidos e competencias curriculares que se esixen impartir, empregando como método docente a exposición e traballo de coñecementos teóricos na aula, tendo o principal protagonismo o docente. Neste tipo de métodos, a maneira de avaliar sería a través dunha proba de coñecementos ou o máis coñecido como exame teórico.

A parte práctica abórdase nun marco espacial específico, o taller, no cal o docente volve asumir un protagonismo claro, realizando as exemplificacións sobre as tarefas prácticas que o alumnado, en grupos, debe resolver ata conseguir a resolución positiva de ditas tarefas.

Así mesmo, a ausencia ou escaseza de recursos e/ou materiais propios do contexto profesional dificultaba –e mesmo dificulta– a impartición de determinados contidos e competencias profesionais nas aulas e talleres. É por isto, tal e como establece Moscoso (2009), que “o coñecemento práctico e a inventiva docente para crear prácticas se convirtan nas súas principais ferramentas de ensino”.

Este mesmo autor (Moscoso, 2009) sinala varias carencias que esta metodoloxía tradicional amosa para o proceso de ensino–aprendizaxe na Formación Profesional:

- A falta de conexión teoría–práctica, ao traballar os contidos e competencias curriculares de maneira independente.
- Escaseza de recursos e materiais didácticos destinados á parte práctica do módulo/materia.
- Escaso fomento do traballo autónomo e individual (ao realizar a parte práctica do módulo por agrupamentos de alumnado no taller).
- Escasa introdución e actualización de ferramentas informáticas e tecnolóxicas, punteiras e indispensables na profesión que se estea a ensinar, froito da escaseza de recursos materiais cos que contan os centros educativos.

2.2. A metodoloxía didáctica na actualidade da Formación Profesional

Resulta interesante resaltar que, ante a escaseza de materiais e recursos didácticos (poñamos como exemplo o “libro de texto”) da Formación Profesional, o colectivo docente desta etapa teña unha grande tradición na elaboración e implementación de metodoloxías, experiencias e recursos propios.

Aínda así, é preciso destacar sempre as oportunidades que as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) aplicadas ao proceso de ensino aprendizaxe, isto é, as TAC, brindan ao colectivo docente en xeral e ao de FP en particular.

Neste sentido, o máis importante para un bo proceso de ensino–aprendizaxe nesta etapa será a propia experimentación do alumnado, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos así como a creación, adaptación e aplicación de recursos e ferramentas didácticas por parte do profesorado para a transmisión de contidos profesionais e a propia experimentación do alumnado.

A nosa recomendación parte do seguimento do seguinte **Decálogo Metodolóxico para a FP** (Barreira, Castelao e Casal, 2018) que recomendamos:

- 1) Relación de actividades didácticas coa realidade produtiva.
- 2) Diversidade de interaccións e agrupamentos (profesor–alumn@, alumn@–alumn@, traballo en equipo).
- 3) Aprendizaxe baseada na actividade, autonomía, indagación, experimentación, manipulación..., do alumnado.
- 4) Funcionalidade das aprendizaxes.
- 5) Favorecemento continuado da motivación e interese do alumnado.
- 6) Atención á diversidade (individualización, adaptación de medios e recursos).
- 7) Retroalimentación informativa ao alumnado do seu progreso no proceso de E-A (dificultades, posibilidades, éxitos...).
- 8) Provocar desafíos cognitivos no alumnado.
- 9) Uso das TIC (favorecemento das habilidades asociadas a estas).
- 10) Aposta pola reflexión profunda e xustificación das actuacións do alumnado.

Por outra banda, aínda que non se trata dun concepto novidoso, pois a súa introdución data de finais do século XX, cómpre ter como referente fundamental o termo de **competencia**, a partir do cal xirará a planificación didáctica e os elementos implicados neste labor (programación por competencias, avaliación por competencias, etc.).

No sistema educativo español asúmese, dende o ano 2006, a definición dada no proxecto DeSeCo –*Definition and Selection of Competencies*– (OCDE, 2003, p. 3) sobre *competencia* como “a habilidade de afrontar demandas complexas, apoiándose e mobilizando recursos psicosociais (incluíndo destrezas e actitudes) nun contexto en particular”. “Supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para acadar unha acción eficaz” (preámbulo da Orde ECD/65/2015). A introdución deste termo fixo mudar a perspectiva didáctica e docente en canto a como desenvolver o proceso de ensino – aprendizaxe.

Na Formación Profesional, o concepto de competencia xa se manexaba con anterioridade, falando de *competencia profesional*. Así, na etapa de FP entendémola como o conxunto de “coñecementos e capacidades que permiten a unha persoa exercer axeitadamente unha profesión ou posto de traballo” (Barreira, Castelao e Casal, 2018, p.115). Por conseguinte, falaríamos de tres elementos formuladores dunha competencia: coñecementos (*saber*), procedementos (*saber facer*) e actitudes (*saber ser/estar*).

A importancia deste concepto radica, tal e como mencionamos anteriormente, en que vai vertebrar todo o proceso de ensinanza–aprendizaxe pois a partir del, deberemos elaborar as nosas programacións, levar a cabo as nosas metodoloxías, propoñer as tarefas de aprendizaxe concretas, etc. A ensinanza na Formación Profesional, pois se basea no desenvolvemento de competencias profesionais no alumnado o que supón:

- Establecemento de competencias a acadar polo alumnado (currículo).
- Poñer o foco no alumnado (aprendizaxe).
- Deseño e proposta de actividades/tarefas a realizar polo alumnado para acadar as competencias como resultado do proceso de E-A.

Por tanto, o concepto de competencia vai estar moi presente en todo o que respecta á planificación do proceso de E-A, incluída a metodoloxía didáctica.

3. Do modelo á estratexia didáctica nas ensinanzas de FP (Tema 2)

Para comprender a que nos referimos cando falamos de *metodoloxía didáctica* ou *metodoloxía docente*, cómpre facer unha breve aproximación aos conceptos implicados nunha *taxonomía* que nos permitirá abordar a maneira na que un docente desenvolve a súa práctica para conseguir as aprendizaxes no alumnado.

Figura 2. Taxonomía sobre a metodoloxía didáctica: clasificación de conceptos implicados na Unidade Didáctica a traballar



Fonte: elaboración propia

Dito doutro modo, ao referirnos aos conceptos implicados no método e metodoloxía como futuros docentes de FP estamos tratando de responder á seguinte pregunta: *como podo proceder cos meus alumnos/as nun contexto formativo para favorecer a súa aprendizaxe desde uns contidos curriculares?* Isto é, á forma de ensinar.

Nesta opción elixida polo docente para organizar o proceso de E-A, non soamente se poden identificar unha serie de *intencións educativas* senón tamén as súas *premisas didácticas* –concepción da educación, da didáctica, do currículo, do alumnado, dos valores, etc.–. Así mesmo, cómpre ter en conta unha serie de *condicionantes* que van influír á hora de establecer unha dinámica docente ou outra. Estamos a falar de, por exemplo, a lóxica interna da materia, os obxectivos que se perseguen, o nivel de madurez do alumnado, o currículo oficial, os recursos

dispoñibles, o pensamento profesional, a relación dos contidos con outras materias ou módulos, etc.

A pesar de que os conceptos que presentamos na seguinte clasificación empregáanse indistintamente en moitas ocasións, resulta preciso clarificar cada un dos termos implicados para entender a que nos refimos en cada momento.

3.1. O modelo didáctico: concepto de partida

Cando falamos de **modelo didáctico** estámonos a referir á representación teórica de algo que posteriormente se leva á práctica. Poderíamos establecer como sinónimos deste concepto *enfoque (approach)*, *teoría* ou *paradigma*, é dicir, o marco de referencia teórica e representación que posúen os docentes sobre o cal deseñan o proceso de E-A –forma na que se entende que debe desenvolverse o proceso de E-A dentro das aulas a un nivel global–, mediando entre teoría e realidade, neste caso, didáctica.

Segundo Mayorga e Madrid (2010), os modelos didácticos esquematizan as accións, as técnicas e os medios empregados no proceso educativo, os cales dependen do momento sociohistórico no que nos situemos. Ademais, existen uns marcos de referencia para a configuración dos modelos didácticos (Larriba, 2001):

- **Marco epistemolóxico**, referido aos coñecementos e saberes da disciplina
- **Marco institucional**, relacionado coa normativa, a cal prescribe obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- **Marco curricular**, isto é, o currículo da disciplina, materia ou módulo.

A concreción do modelo didáctico ou pedagóxico dun docente infórmanos de como vai proceder este segundo as súas crenzas e opinións e, por tanto, cales son as súas premisas didácticas de partida e as súas intencións didácticas. É por isto que o docente deberá tomar unha serie de decisións en canto ás finalidades e/ou obxectivos que se propón, selección e secuenciación dos contidos de aprendizaxe, método e estratexias didácticas que se van empregar e sistema de avaliación.

Atendendo a todo o anterior e seguindo a distintos autores (Fernández, Elórtegui, Rodríguez e Moreno, 1997; Medina, 2009; García Prieto, 2014), podemos establecer **catro tipoloxías de modelos didácticos**:

- a) **Modelo tradicional ou transmisivo**: aquel no que o profesorado e, por tanto, a divulgación e transmisión de coñecementos, é o elemento central, pasando o alumnado a un segundo plano.
- b) **Modelo tecnolóxico**: o aspecto central nesta tipoloxía son os contidos (medios) e caracterízase fundamentalmente pola transmisión de coñecementos acumulados e o uso de métodos/metodoloxías activas.
- c) **Modelo espontaneísta/activista**: aínda que o aspecto central, igual que no caso anterior, son os contidos, a educación do alumnado baséase no contexto que os rodea. Por conseguinte, os contidos de aprendizaxe baséanse nos intereses, experiencias e no contorno directo.
- d) **Modelo alternativo/integrador**: o alumno é o eixo principal deste modelo e, por tanto, a súa aprendizaxe. A metodoloxía didáctica baséase

na investigación do alumno coa axuda e guía do docente para elaborar coñecemento a partir do estudo de ‘problemas’.

Como **exemplo de modelo didáctico** podemos falar da *Flipped Classroom* ou *clase invertida*, modelo elaborado por Aaron Sams e Jonathan Bergmann, dous profesores de EUA de física que ‘inverteron’ as súas clases para favorecer a aprendizaxe do seu alumnado (Mata, Barreira e Rial, 2016).

3.2. O método, a metodoloxía didáctica e as estratexias didácticas: conceptos vinculados e vinculantes

Supón un nivel de concreción máis na taxonomía que ofrecemos. Deste xeito, podemos entender o **método didáctico** como a maneira de poñer en práctica o modelo pedagóxico. Poderíase establecer como similar deste concepto o *camiño, vía ou medio* para chegar a un fin. Para concretar máis isto, poderíamos achegar aquí a definición dada por Medina (2009b, p.19), o cal di que o método “é o conxunto de decisións e realizacións fundamentadas que facilitan a acción docente nun ecosistema (...), mediante o que se ordenan as accións e as fases máis axeitadas na interacción educativa”.

Concreta o estilo educativo dun docente, en coherencia interna co seu modelo pedagóxico, é dicir, coas súas crenzas didácticas, ademais de depender dos contidos curriculares e do nivel do alumnado co que se traballe. É por iso que soe ser sinónimo de *metodoloxía didáctica*, concepto que, por antonomasia, é o máis empregado da taxonomía que presentamos para referirnos ás maneiras de actuar e facer dun docente.

Cando falamos de **metodoloxía didáctica** referímonos ao conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, consciente e reflexivamente, para favorecer a aprendizaxe do alumnado e a consecución duns obxectivos. Por conseguinte, supón un maior nivel de especificidade, pois se trata de adaptar o método didáctico a uns obxectivos educativos e a un alumnado nun contexto educativo e/ou formativo concreto e ben definido (Salvador e Gallego, 2009).

Tendo en conta todo isto, nesta materia imos falar de *metodoloxía didáctica* pois partimos da idea de concretar un modelo e método didáctico a un contexto educativo e curricular concreto (p. e., o currículo dun Módulo de Formación Profesional nas aulas).

É preciso pois, neste momento, facer mención ás **técnicas e estratexias didácticas**, outro concepto presente na nosa taxonomía. Podemos referirnos a elas como a concreción e aplicación última do modelo didáctico nas aulas (*metodoloxía didáctica*) mediante o desenvolvemento de actividades de E-A na aula, en momentos determinados e para un alumnado específico coa finalidade última de acadar os obxectivos curriculares/didácticos formulados inicialmente. Larriba (2001, p.78) considera as estratexias como un proceso reflexivo sobre o ensino que debe levar a cabo o docente coa finalidade de plasmalo “nun conxunto organizado de accións

educativas que implican a utilización e organización duns recursos materiais, a realización dunhas actividades determinadas”. Supón a reflexión en profundidade sobre a acción docente nunha aula específica e o traballo que se fai na mesma diariamente.


Poderíamos establecer distintos **tipos de estratexias didácticas** segundo onde poñamos o acento no proceso de E-A (Jiménez González, 2001):

a) **Estratexias didácticas que favorecen transmisión de información** (coñecementos/saber).

Son aquelas estratexias cuxo obxectivo principal é a transmisión de coñecementos e saberes por parte do profesorado, considerándose este como o axente principal do proceso de E-A. Utilízanse, pois, cando desexamos proporcionar novos coñecementos ao alumnado.

En relación con esta tipoloxía, Rajadell (2001, p.479) propón unha serie de estratexias que “facilitan a adquisición ou a ampliación de coñecementos”:

Figura 3. Estratexias para a adquisición de coñecementos segundo a perspectiva docente, alumnado ou medio




Fonte: elaboración propia a partir de Rajadell (2001)

b) **Estratexias didácticas centradas no proceso de aplicación** (procedementos/ saber facer)

Son aquelas baseadas na formulación ao alumnado dunha serie de interrogantes e problemas que este debe resolver (aplicacións, explicacións, deducións...), de aí que sexan estratexias moi útiles para a aprendizaxe de habilidades. O que se pretende é conseguir que o alumnado aplique ou produza nova información a partir dunha serie de aspectos previamente dados.

Figura 4. Estratexias para adquirir e/ou desenvolver procedementos ou habilidades




Fonte: elaboración propia a partir de Rajadell (2001)

c) **Estratexias didácticas centradas nos aspectos condutuais** (actitudes e valores/saber ser e estar)

Falamos aquí daquelas estratexias que favorecen a adquisición ou desenvolvemento de actitudes e valores que fan referencia á dimensión afectiva e social do individuo. Entran en xogo, nestas estratexias, as *actitudes, valores e normas* mediados polas experiencias e características persoais de profesorado e alumnado.

Figura 5. Estratexias para a adquisición/desenvolvemento de actitudes e valores no alumnado



Fonte: elaboración propia a partir de Rajadell (2001)

Nos últimos anos estanse a implementar nas aulas de FP novas formas de ensinar e de aprender que nos poden servir de referencia como futuros docentes desta etapa á hora de formular as nosas propias programacións e unidades didácticas. Estamos a falar, por exemplo, da *gamificación*, da metodoloxía de *aprendizaxe e servizo* ou do *modelo ETHAZI* que se está a desenvolver no País Vasco, entre outros. Para consultar e afondar nestes e outros métodos, emprazámosche a que consultes as fontes incluídas no apartado “Para saber máis” desta mesma Unidade Didáctica.

4. Os elementos metodolóxicos: principios, actividades, tempos, espazos, materiais, recursos... (Tema 3)

4.1. Os principios e orientacións metodolóxicas

Os **principios metodolóxicos** son as bases que sustentan a forma de levar a cabo o proceso de ensino – aprendizaxe e vincúlanse moi estreitamente co modelo didáctico docente (no que se reflicten as concepcións e ideas previas do profesorado).

Ademais, estes principios están mediados polo enfoque do sistema educativo existente – que no caso español é un modelo cognitivo - construtivista– así como polas orientacións metodolóxicas incluídas no currículo oficial da materia/módulo de FP, todo o cal vai condicionar a nosa actuación didáctica.

As **orientacións metodolóxicas** son as orientacións básicas que van servir para establecer as estratexias didácticas precisas para desenvolver o proceso de E-A. No nivel de centro, establécense unhas orientacións básicas comúns acerca de que metodoloxía seguir, pero vai ser o docente quen as adapte e concrete segundo os seguintes elementos (Solbes, 2014).

- Contexto, idade e características propias do alumnado.
- Tipoloxía de formación.
- Particularidades do Módulo Profesional.
- Características do Profesorado.
- Etc.

Así mesmo, é necesario prestar atención ás *orientacións pedagóxicas* que se establecen no currículo de cada módulo profesional como guía para o profesorado, pois nos proporcionan pautas sobre como levar a cabo o proceso de ensino – aprendizaxe.

4.2. O tipo de actividades e tarefas a propoñer

Entendemos por **actividade de ensino–aprendizaxe** ou **actividade didáctica** en FP aquelas “accións planificadas (tarefas) que, baseadas en determinados elementos curriculares [...], teñen por finalidade acadar uns obxectivos específicos [...]” (Barreira, Castelao e Casal, 2018, p.126). É, por tanto, a ferramenta de traballo dos contidos curriculares e deberían cumprir as seguintes características:

- Que sexan variadas.
- Que sexan funcionais.
- Que poñan en xogo distintos niveis cognitivos do alumnado.
- Que teñan distintos niveis de complexidade.

Poderíamos establecer distintas **tipoloxías de actividades didácticas** atendendo á súa finalidade:

- De iniciación / activación: debates, vídeos, probas iniciais, dinámicas grupais, etc.
- De desenvolvemento: demostración (docencia directa, visita de expertos, videos, charlas, conferencias...), investigación (entrevistas, lecturas,

busca de información...), aplicación (talleres, proxectos, prácticas, retos e problemas...).

- De reforzo/ampliación: investigacións, técnicas de estudo, traballos complementarios, plans individualizados de atención ao alumnado, etc.
- De síntese/recapitulación: debates, asambleas, exposicións, traballos/proxectos finais...
- Complementarias/extraescolares: celebracións, efemérides, visitas externas, saídas didácticas, etc.
- De avaliación: exposicións orais, probas (orais/escritas/prácticas), portafolios, dossiers, etc.

Tendo en conta a anterior clasificación, debemos lembrar que a organización de actividades nunha intervención didáctica e/ou formativa resúmese na seguinte **secuenciación básica**: actividades de activación → actividades de desenvolvemento → actividades de síntese.

4.3. A organización de tempos (temporalización) e espazos

Refírese á temporalización da nosa intervención didáctica, é dicir, *canto vai durar o proceso de ensino – aprendizaxe que vaiamos desenvolver*, non soamente de maneira global senón tamén especificamente no que respecta á duración das actividades didácticas, por exemplo. Segundo Solbes (2014, p.118) “supón marcar e establecer datas de cumprimento dos contidos a ensinar así como tamén os obxectivos, estratexias, avaliacións e posibles alteracións”.

Significa “axustar a planificación docente ao tempo dispoñible de tal maneira que se poida desenvolver con coherencia temporal” (Barreira, Castelao e Casal, 2018, p.118). Deste xeito, os elementos temporais a ter en conta para a organización de tempos será:

- A duración total da formación (establecida no currículo do Título).
- A duración total do MP (módulo profesional).
- O calendario escolar oficial.
- A duración das sesións de aula.

4.4. Os recursos e materiais didácticos

Son aqueles recursos e materiais didácticos precisos para desenvolver a metodoloxía e, por tanto, as actividades e iniciativas que, como docentes, establezamos para o noso proceso de E-A.

Deben responder á metodoloxía e estratexias didácticas formuladas por parte do profesorado para favorecer o proceso de E-A. Deste xeito, a súa selección e utilización dependerá dunha serie de factores implicados, como dispoñibilidade e cantidade, condicionantes ambientais, dominio, etc. Por exemplo, “as condicións acústicas dunha aula, poden obrigarnos a elixir uns recursos fronte a outros e, incluso, prescindir destes” (Bravo, 2004, p.118). Podemos diferenciar entre:

- **Recursos materiais:** libros de texto, documentación e bibliografía, ordenadores, proxector, materiais de escritura, ferramentas profesionais, etc.
- **Recursos espaciais:** espazos necesarios para o desenvolvemento das actividades e tarefas que se establezan, tanto internos do propio centro (aula común, taller, aulas específicos –informática–, biblioteca, etc.) como externos (empresas, servizos comunitarios, etc.).
- **Recursos dixitais:** aulas virtuais, programas informáticos (simulación, de planificación, de edición, asociados a ferramentas/maquinaria específica...), presentacións virtuais, servizos web (páxinas web, weblogs, foros e chats, etc.).
- **Recursos humanos:** agrupamentos do alumnado (se son precisos para a realización dunha actividade concreta), docentes, expertos (que veñan impartir unha charla, unha práctica...), etc.

Resulta interesante resaltar que, ante a escaseza de materiais e recursos didácticos (poñamos como exemplo o “libro de texto”) da Formación Profesional, o colectivo docente desta etapa teña unha gran tradición na elaboración e implementación de metodoloxías, experiencias e recursos propios.

Aínda así, é preciso destacar sempre as oportunidades que as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) aplicadas ao proceso de ensino aprendizaxe, isto é, as TAC, brindan ao colectivo docente en xeral e ao de FP en particular.

Neste sentido, o máis importante para un bo proceso de ensino – aprendizaxe nesta etapa será a propia experimentación do alumnado, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos así como a creación, adaptación e aplicación de recursos e ferramentas didácticas por parte do profesorado para a transmisión de contidos profesionais e a propia experimentación do alumnado.

METODOLOXÍA

Tendo en conta as características da materia, é preciso desenvolver unha metodoloxía que integre teoría e práctica. Deste xeito, nas **sesións expositivas** —de carácter máis teórico— abordaranse os conceptos implicados, empregando como método fundamental a *lección maxistral* dinamizada co *debate*, a *interrogación didáctica* e a *exposicións orais* do propio alumnado (*actividade de exposición interactiva*).

As **sesións interactivas** —máis centradas na aplicación práctica dos coñecementos— desenvolveranse a través do *traballo individual* e tamén *colaborativo* do alumnado dentro e fóra da aula. Isto supón non só a realización de actividades prácticas dentro da aula senón tamén a existencia de gran parte de traballo autónomo fóra do horario de clase, o cal require dunha forte implicación e participación por parte do alumnado.

Así mesmo, levaranse a cabo *dinámicas grupais*, *estudo de casos*, *exposicións orais*, etc., sendo nestas sesións nas que o alumnado adquire un especial protagonismo para acadar os obxectivos e as competencias vinculadas á Unidade Didáctica e á propia materia de Máster.

A continuación facemos unha aproximación máis pormenorizada dos aspectos metodolóxicos que rexerán o desenvolvemento desta Unidade Didáctica.

Entre os diversos **recursos didácticos** (materiais, dixitais, espaciais, etc.) que tanto o profesorado como o alumnado vai empregar, cómpre mencionar os seguintes:

Recursos Materiais

- **Textos de referencia:** textos principais que sustentarán esta UD, tendo como temática principal a metodoloxía e estratexias didácticas.
- **Currículo do Módulo Profesional de traballo (Real Decreto/Decreto de currículo):** nesta materia, vai ser preciso que cada alumno seleccione o currículo do módulo profesional a partir do cal elaboraría unha programación didáctica para o seu desenvolvemento na aula como futuros docentes de FP.
- **Dispositivos móbiles, táblets e ordenadores:** estes dispositivos permitirán ao alumnado levar a cabo determinadas actividades formuladas, de xeito individual e grupal, presencial e non presencial, etc.
- **Material de estudo:** referímonos aquí ao material xerado polo propio docente ou polo propio alumno no desenvolvemento da materia: apuntamentos, resumos, esquemas, mapas conceptuais, etc.

Recursos Espaciais

- **Aula ordinaria:** espazo presencial no que se desenvolverán as actividades.
- **Aula de Informática** (da Facultade): permitirá desenvolver determinadas actividades propostas cando estas esixan da utilización do ordenador na súa meirande.
- **Campus Virtual da USC:** onde se encadra a Aula Virtual da propia materia do Máster.

Recursos Dixitais

- **Presentacións dixitais:** empregadas para a introdución dos contidos da UD, das exposicións temáticas do alumnado, etc., e apoiadas en aplicacións e ferramentas informáticas de carácter educativo.
- **Recursos audiovisuais** (vídeos, audios, etc.): utilizados para presentar e afondar en determinados contidos da unidade.
- **Aplicacións e programas informáticos educativos:** utilización de aplicacións informáticas diversas que poden ser de utilidade á hora de realizar as presentacións dixitais, desenvolvemento de metodoloxías diversas, cuestionarios ao alumnado, proceso de avaliación docente-discente, etc.

As **actividades** que presentamos para abordar o temario incluído nesta UD son as que a continuación se presentan:

Presentación e Introducción da Unidade Didáctica	<p>Actividade de Avaliación (coñecementos previos)</p> <p>Realización dunha proba con preguntas (concurso) sobre contidos que se van tratar na UD, a través da ferramenta <i>Kahoot</i>¹.</p> <p>Premio para o vencedor/a (<i>'minipuntos'</i>, véxase apartado de <i>Avaliación</i>)</p>
Tema 1 - A metodoloxía didáctica na FP: características xerais	
Actividade de Presentación	<p>Actividade 1.1: Debate</p> <p>Debate guiado con preguntas acerca da metodoloxía didáctica na FP: como é, como debería ser, papel do alumno, papel do profesor, recursos, etc.</p>
Actividades de Desenvolvemento	<p>Actividade 1.2: Actividade expositiva interactiva Exposición e tratamento dos contidos que configuran o tema con preguntas e aclaracións durante o seu desenvolvemento</p> <p>Actividade 1.3: Estudo de caso</p> <p>Presentación dun caso no que se explicita o método/metodoloxía didáctica dun docente de FP e no que se teñen que identificar aqueles puntos do <i>Decálogo Metodolóxico da FP</i> que non se cumpren e analizar as causas deste incumprimento.</p>
Actividade de Síntese	<p>Actividade 1.4: Reelaboración do caso</p> <p>Partindo da <i>actividade 3</i> (estudo de caso) o alumnado deberá reelaborar/reescribir o caso anterior, modificando aqueles elementos incumpridos, converténdolos en boas prácticas metodolóxicas.</p>
Tema 2 - Do modelo á metodoloxía didáctica na FP: características xerais	
Actividade de Presentación	<p>Actividade 2.1: Análise metodolóxica dende o audiovisual</p> <p>A partir dun vídeo sobre o método didáctico levado a cabo por un docente en aula, o alumnado (de xeito individual) deberá identificar todos aqueles aspectos vinculados coa metodoloxía que considere e sexa capaz de xustificar convenientemente e con argumentos ben fundamentados.</p>
Actividades de Desenvolvemento	<p>Actividade 2.2: Actividade expositiva interactiva</p> <p>Exposición e tratamento dos contidos que configuran o tema con preguntas e aclaracións durante o seu desenvolvemento</p> <p>Actividade 2.3: Formulación de actividade de aula</p> <p>A partir do currículo do MP que cada alumno estea a traballar na materia, cada un/unha deberá seleccionar e explicar unha estratexia (de cada tipoloxía proposta) que empregaría na aula como parte da súa metodoloxía didáctica.</p> <p>Solicítase que teña coherencia con aqueles contidos/resultados de aprendizaxe que se estean a traballar no MP.</p> <p>Actividade 2.4: APS na FP</p> <p>Establecer unha posible proposta para desenvolver, baseada na metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo, dentro do MP que se estea a traballar na materia. Recoméndase a realización de lecturas previas sobre o tema (véxase apartado <i>'Para saber máis...'</i>).</p>

¹ Plataforma gratuíta para a creación de enquisas e cuestionarios de avaliación (App para smartphone / versión Web) para a creación de 'concursos' na aula para a aprendizaxe, reforzo e/ou avaliación de contidos de aprendizaxe. Véxase <https://kahoot.com/>

Actividade de Síntese	<p>Actividade 2.5: Mapa mental</p> <p>Elaboración dun <i>mapa mental</i> do tema no que se representen os conceptos/ ideas máis relevantes do tema.</p>
Tema 3 – Os elementos metodolóxicos: principios, actividades, tempos, espazos, materiais, recursos...	
Actividade de Presentación	<p>Actividade 3.1: Rosco metodolóxico</p> <p>Presentación ao alumnado dun <i>rosco de elementos metodolóxicos</i> vinculados co tema de maneira que describan exemplos do que debe ser / do que non debe ser en cada un deles á hora de abordalos na aula. O profesorado tamén poderá establecer interrogacións e exemplificacións que fagan reflexionar o alumnado en cada un dos termos presentados.</p>
Actividades de Desenvolvemento	<p>Actividade 3.2: Actividade expositiva interactiva</p> <p>Exposición e tratamento dos contidos que configuran o tema con preguntas e aclaracións durante o seu desenvolvemento</p> <p>Actividade 3.3: As orientacións pedagóxicas curriculares</p> <p>Solicítaselle ao alumnado que identifiquen as <i>orientacións pedagóxicas</i> no currículo do MP que están a traballar na materia e, a partir deles, establezan 2 actividades/tarefas de aula para cada orientación: unha a realizar polo docente e outra a realizar polo alumnado (individualmente ou en grupo).</p> <p>Actividade 3.4: Libros de texto en FP</p> <p>Busca, por parte do alumnado, dun <i>libro de texto</i> existente que puidese ser utilizado como un recurso didáctico nas súas clases nun futuro. Así mesmo, deberán xustificar a súa elección en base aos criterios que consideren oportunos como futuros docentes.</p> <p>Actividade 3.5: REA</p> <p>Busca de recursos para a etapa de FP no repositorio institucional de Recursos Educativos Abertos (REA) da Consellería de Educación (Galicia): https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos</p> <p>Daqueles atopados, seleccionar un que puidese ser adaptado para o desenvolvemento dalgunha proposta didáctica dentro do MP que se estea a traballar na materia, explicitando como sería esta adaptación.</p>
Actividade de Síntese	<p>Actividade 3.6: Exposición docente</p> <p>Preparación por parte de cada alumno/a dunha exposición oral acerca do tema, tratando aqueles puntos/ideas/conceptos que considere máis importantes. A exposición non deberá durar máis de 10 minutos por cada alumno/a e deberá motivar a atención do público, empregando os medios dos que se dispoña na aula.</p>
Actividade de Conclusión/ Consolidación da Unidade Didáctica	<p>O bo docente / A boa docente</p> <p>Pídeselle ao alumnado que representen o/a docente ideal dende o punto de vista metodolóxico. A representación deste docente deberá atender a todas as ideas traballadas nesta UD e pode ser de diferentes formas: a través do texto, debuxo, etc.</p>

Tanto nas sesións expositivas como interactivas, o alumnado poderá realizar comentarios, exposicións orais e/ou presentacións con apoio de material audiovisual relacionadas cos coñecementos que vai adquirindo a partir das distintas actividades propostas (lecturas, procura de información, exploración de sitios web, observación

e investigación na aula, discusións con outros compañeiros), e calquera outra experiencia que contribúa á construción de coñecemento.

O traballo nas aulas será apoiado polo seguimento a través da USC Virtual onde o alumno disporá de ferramentas de apoio ao seu estudo.

AVALIACIÓN

O **peso desta UD** é dun 15 % do total que se establece para o conxunto da materia na avaliación xeral.

Ademáis, debemos ter en conta os **aspectos a valorar** (presentes no *Sistema de Avaliación Xeral da Materia*, véxase programa na Web oficial do Máster), nesta Unidade Didáctica, así como os instrumentos que imos empregar para dita valoración:

- **Participación.** Nesta UD a participación terá peso na cualificación final, empregando como instrumento esencial o *sistema de minipuntos* (sistema implantado pola docente mediante o cal se outorga unha puntuación de 0,01 a cada alumno/a que responda, participe ou demostre iniciativa nas dinámicas formuladas na aula).
- **Traballos escritos/outras producións.** Produtos finais elaborados polo alumnado resultantes das actividades de desenvolvemento e de síntese propostas para o alumnado dentro desta unidade didáctica. Como instrumentos de avaliación destas producións elaboraranse unha serie de rúbricas cuns indicadores concretos para facilitar a correccións das producións.
- **Proba final.** Os contidos teóricos desta unidade didáctica formarán parte da proba final que se empregará como instrumento de avaliación dos coñecementos adquiridos por parte do alumnado ao longo do curso académico.

Neste caso debemos aclarar que cada aspecto dos anteriormente comentados deberá ser ponderado en función do peso que esta UD ten no cómputo final da avaliación da propia materia, isto é, tendo en conta igualmente o peso específico establecido para as demais unidades didácticas que compoñen esta materia.

No caso dos traballos escritos, se a docente detectase producións e traballos copiados/plaxiados ou sen a debida citación de fontes (segundo a Normativa APA), incorrerá na suspensión automática destes traballos, con posible afectación ao conxunto da materia.

Igualmente, debemos destacar que a Universidade de Santiago de Compostela (USC), como universidade presencial, fomenta o control da asistencia entre o seu alumnado nas distintas materias. Nesta UD, o *control de asistencia* (sinaturas do alumnado en partes de sesións) servirá para facer o seguimento do alumnado que pola súa condición de asistente, ten dereito ao sistema de avaliación continuado ou, por contra, perde este dereito ao faltar a máis dun 20 % de sesións da materia sen xustificación oportuna.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRA CERQUEIRAS, E. M.; CASTELAO LÓPEZ, A. y CASAL OTERO, L. (2018). El proceso de enseñanza y aprendizaje en FP: programación de un módulo profesional. En E. M. BARREIRA CERQUEIRAS y C. SARCEDA GORGOSO, (Coords.). *Formación Pedagógica y Didáctica del Profesorado* (pp. 113-132). Campus na Nube: Santiago de Compostela. ISBN: 978-84-09- 05244-8.
- BRAVO, J. L. (2004): Los medios de enseñanza: clasificación, selección y aplicación. *Pixel-Bit. Revista de Medios y Educación*, 24, 113-124. Recuperado de <https://recyt.fecyt.es/index.php/pixel/article/view/61236>
- Equipo Pedagógico de Campuseducacion.com (2018): Modelo, Método, Metodología... ¿Qué terminología emplear? Recuperado de: <https://www.campuseducacion.com/blog/recursos/articulos-campuseducacion/modelo-metodo-metodologia-terminologia-emplear/>
- FERNÁNDEZ, J.; ELÓRTEGUI, N.; RODRÍGUEZ, J.F.; MORENO, T.(1997). “¿Qué idea se tiene de la ciencia desde los modelos didácticos?” *Alambique* nº12 pp 87-.99. Recuperado de <http://www.grupoblascabrera.org/webs/ficheros/08%20Bibliograf%C3%ADa/03%20Moddid/22%20Idea%20ciencia%20modelos%20didacticos.pdf>
- FORTEA, M. A. (2009). Metodologías didácticas para la enseñanza/aprendizaje de competencias. *Materiales para la docencia universitaria de la Universitat Jaume I*, nº 1. DOI <http://dx.doi.org/10.6035/MDU1>
- GARCÍA PRIETO, F. J. (2014). *El proceso de enseñar y aprender. Modelos didácticos*. En I. GOMEZ HURTADO e F. J. GARCÍA PRIETO (Coords.). *Manual de didáctica: aprender a enseñar* (pp. 25-44). Madrid: Pirámide.
- JIMÉNEZ, J.M. (2001): *Formación de directivos en la Administración Pública*. Tarragona. Tesis doctoral Inédita.
- LARRIBA, L. F. (2001). *La investigación de los modelos didácticos y de las estrategias de enseñanza*. *Enseñanza & Teaching: Revista interuniversitaria de didáctica*, 19, 73-88. Recuperado de http://e-spacio.uned.es/fez/eserv.php?pid=bibliuned:20427&dsID=investigacion_modelos.pdf
- LOZANO, J. (2018). *Cómo realizar la programación didáctica en Formación Profesional*. Madrid: Síntesis
- MAYORGA, M. J. e MADRID, D. (2010). Modelos didácticos y estrategias de enseñanza en el Espacio Europeo de Educación Superior. *Tendencias Pedagógicas*, 15, pp.91-111. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3221568.pdf>
- MATA CAAMAÑO, O.; BARREIRA CERQUEIRAS, E. M. Y RIAL SÁNCHEZ, A. F. (2016). “FLIPPED CLASSROOM”: Una experiencia de innovación na formación profesional dende o profesorado. en M. VALCARCE, M. R. CASTRO, A. RIAL SÁNCHEZ (Coords.). *A formación, a orientación e o emprego no recoñecemento, avaliación e certificación de competencias profesionais adquiridas en contextos formais, non formais e informais*. Actas do XVII Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de formación para o traballo (p. 755-767). Santiago de

- Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- MEDINA, A. (2009a). Enfoques, teorías y modelos de la Didáctica. En A. MEDINA y F. SALVADOR (Coords.), *Didáctica general* (pp.39-73). Madrid: Prentice Hall.
- (2009b): *La Didáctica: disciplina pedagógica aplicada*. En A. MEDINA y F. SALVADOR (Coords.), *Didáctica general* (pp. 3-37). Madrid: Prentice Hall.
- MOSCOYO, A. (2009). Metodología docente en la formación profesional. Hekademos, revista educativa digital, 3, 107-124. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/docu/p5sd6126.pdf>
- OCDE (2003). La definición y selección de competencias clave. Resumen ejecutivo. Recuperado de <http://deseco.ch/bfs/desecco/en/index/03/02.parsys.78532.downloadList.94248.DownloadFile.tmp/2005.dscexecutivesummary.sp.pdf>
- ORDE ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE núm. 25, de 29 de xaneiro de 2015; texto consolidado).
- RAJADELL PUIGGROS, Núria (2001): Los procesos formativos en el aula: estrategias de enseñanza - aprendizaje. En F. SEPÚLVEDA y N. RAJADELL (Coords.). *Didáctica general para psicopedagogos* (pp. 463-525), Madrid: UNED
- REAL DECRETO 1147/2011, de 29 de julio, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo (BOE núm. 182, de 30 de xullo de 2011. Texto Consolidado).
- SOLBES, R. (2014). Programaciones didácticas para FP. Manual de diseño y desarrollo de una programación didáctica basada en competencias contextualizadas. Valencia: Nau Llibres.

PARA SABER MÁIS...

- ASTIRRAGA, E.; AGIRRE, A. e CARRERA, X. (2017). Innovación y cambio en la Formación Profesional del País Vasco. El modelo ETHAZI. *Revista Iberoamericana de Educación*, 74, 55-82. DOI: <https://doi.org/10.35362/rie740608>
- FUNDACIÓN TELEFÓNICA. Monográfico Flipped Classroom. Explorador de Innovación Educativa. Recuperado de <https://boletines.fundaciontelefonica.com/institucional/flipped-classroom/>
- GARCÍA, M. e HUIÓN, R. (2017). Análisis para la gamificación de un curso de Formación Profesional. IE Comunicaciones: Revista Iberoamericana de Informática Educativa, 26, (Ejemplar dedicado a: Julio-Diciembre), 46-60. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/6231883.pdf>
- GARCÍA, R. (2015). Metodología didáctica en la formación profesional de grado medio [Tesis Doctoral Inédita]. Universidad de Deusto.
- MATEOS, S.; CERRILLO, R. e TELLO, I. (2018). *Aprendizaje-Servicio en Formación Profesional*. En F. J. MURILLO (Coord.). *Avances en Democracia y Liderazgo Distribuido en Educación: Actas del II Congreso Internacional de Liderazgo y Mejora de la Educación* (pp. 285-288). Recuperado de

https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/682748/RILME_067.pdf?sequence=1&isAllowed=y

MUÑOZ VIVO, J. (2009). Un Proyecto de trabajo para la Formación Profesional. *Hekademos, revista educativa digital*. Nº 3, pp. 107-124.

SEVILLANO, M. L. (2004). Estrategias innovadoras para una enseñanza de calidad. Madrid: Pearson.

WEBGRAFÍA

AP – FP (2018). Blog de Asociación de Profesores de Formación Profesional - <http://asocprofesoresfp.blogspot.com.es/>

Boluda, O. (2018). Blog eFePeando - <http://www.efepeando.com/>

FORMACIÓN PROFESIONAL. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. <http://www.edu.xunta.es/fp/>

RED FP (2018). Blog Red FP - <http://www.redfp.org/>

TENGO CLASE CON ELENA (2018). Blog educativo - <https://tengoclaseconelena.wordpress.com/>

TODOS FP (Portal del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte – MECD) - <http://www.todofp.es/inicio.html>



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA